



JOSÉ BENITO OTERO BAENA

UN PINTOR SEN PINCEIS

Do 8 de novembro de 2024
ao 19 de xaneiro de 2025

Edificio Castelao
Museo de Pontevedra

museo.depo.gal



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis

Do 8 de novembro de 2024 ao 19 de xaneiro de 2025

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Museo de Pontevedra,
Edificio Castelao

Conseguir unha forte intensidade cromática e converter a cor na protagonista súas composicións foron os obxectivos que acadou **José Benito Otero Baena (1925-2017)** ao substituír o pincel pola espátula, coa que modelaba o pigmento aplicado con agresividade. Transgrediu intencionadamente as tonalidades da natureza para que a súa obra se afastase da representación mimética da realidade e a deformase conscientemente a través da luz e da cor, para transmitirnos as paisaxes tal e como el as vía.

Otero Baena sentiu desde neno a necesidade de trasladar ao lenzo a paisaxe da súa localidade natal, Bueu, onde naceu en 1925. A súa obra chamou a atención do debuxante e crítico de arte Ramón Peña, responsable do faladoiro matutino do Café Savoy de Pontevedra, centro de reunión de artistas e escritores que Otero comezaba a frecuentar. Foi precisamente Ramón Peña quen, en 1951, escribiu unha magnífica crítica das paisaxes que Otero exhibiu na sala pontevedresa de Educación y Descanso e tamén quen o animou, en 1952, a solicitar unha pensión da Deputación de Pontevedra para estudar pintura en Madrid. Pouco antes de emprender a viaxe expuxo na Sala Velázquez de Vigo, onde quedou patente a súa intención de buscar a beleza pura da paisaxe galega, sen elementos anecdóticos. Vigo era o outro centro cultural ao que acudía Otero, onde se reunían xornalistas do *Faro de Vigo* e de *El Pueblo Gallego*, escritores, profesionais liberais e artistas coma Laxeiro, Xavier Pousa,



Rafael Alonso ou Lugrís, ao que tivera a oportunidade de coñecer en 1942 cando este pintaba unhas grandes teas para o comedor das empregadas da fábrica de Massó.

En Madrid matricúlase no Círculo de Belas Artes coa intención de estudar na Academia de San Fernando, pero todo se trunca cando a Caixa de Aforros de Bueu, onde traballaba desde 1949, non lle renova a excedencia laboral e se ve obrigado a regresar. A pesar diso, non renuncia a seguir pintando e estudando co apoio dunha biblioteca especializada en arte, un intenso traballo co que logra un estilo persoal, unha linguaxe propia coa que expresar a súa visión da paisaxe e das escenas de pesca, nas que queda patente a súa especial predilección polo mar. A súa fecunda actividade pictórica reflíctese no elevado número de exposicións individuais e colectivas que percorren Galicia, á vez que a cor adquire cada vez maior protagonismo na súa obra; emprega con valentía o amarelo para interpretar a luz que atravesa as nubes, transformando o ceo nunha explosión de dourados. O bulicio do colorido é, probablemente, consecuencia da súa admiración por Turner e intensifícase ao substituír o pincel pola espátula, coa que modela o pigmento. Conseguir unha forte intensidade cromática e converter a cor na protagonista das súas composicións eran para el un obxectivo,

que alcanzou aplicando a cor con agresividade e transgredindo intencionadamente as tonalidades da natureza.

Un intenso labor que se paralizaba entre 1971 e 1979 porque, ademais de seguir traballando na Caixa de Aforros, foi nomeado alcalde de Bueu. As novas obrigas absorbíanlle demasiado tempo, e pinta esporadicamente ata 1989, ano no que se xubilou e retomou a espátula e o óleo para volver pintar os mesmos temas, pero non do mesmo modo; o seu estilo evoluciona cara a unha nova forma de expresar a cor, que tempera a violencia ao empregar tons suaves, o que, unido á súa constante procura da luz, ocasiona escenas asolagadas de claridade.



Barcos na treboada, ca. 1958
Óleo sobre táboa
68 x 52 cm

AS OBRAS EXPOSTAS



Son 39 obras procedentes de coleccións particulares e do Museo Massó.

Inclúe óleos sobre lenzo, óleos sobre táboa e debuxos sobre papel.

Datadas entre 1949 e 2016.

Dornas e gamela

Rotulador sobre papel
34 x 46 cm



Pescando ameixa entre lusco e fusco, ca. 1960
Óleo sobre lenzo
79 x 98 cm

DO CATÁLOGO



Séntese cómodo coa espátula pois permítelle encher á vontade o volume do que quere expoñer, coa luminosidade que lle achegan as cores case puras. E non só iso, senón que tamén lle posibilita experimentar con relativa facilidade no proceso creativo e ata na captura do inmediato que quere representar, o que redunda a cada paso coa mellora na aprendizaxe autodidacta. E así non era estraño oílo dicir: “Obsesióname a cor, logo a modalidade impresionista que ensaio insistentemente a base das menores brochadas posibles para lograr bos efectos”. E anos despois, explicando o descubrimento da súa técnica: “Creo que é sumamente persoal... de trazos certos e seguros, un tanto impresionista...”

Arturo Sánchez Cidrás

Entre lusco e fusco, ca. 1980
Óleo sobre lenzo
79 x 98 cm

As paisaxes de Otero Baena non son, en ningún caso, simples mimeses ou copias da realidade, están sempre trasladadas ao lenzo baixo unha visión persoal que lle confire un estilo propio no que a cor adquire cada vez maior protagonismo, utiliza con valentía o amarelo para interpretar a luz que atravesa as nubes, transformando o ceo nunha explosión de dourados. O bulicio do colorido é probablemente consecuencia da súa admiración por Turner e intensifícase ao substituír o pincel pola espátula, coa que modela o pigmento.

Beatriz de San Ildefonso Rodríguez



Paisaxe en outono

Óleo sobre lenzo
45 x 38 cm